



A irmá de Fiz, na casa de Fonte da Cova, un dos lugares do roteiro elaborado por Ergueitos

MARIBEL LONGUEIRA

Polas terras de Fiz

ENFIANDO

FRANCISCO X.
FERNÁNDEZ
NAVAL



PERTENZA

Formou parte do grupo Cravo Fondo, xunto con outras voces hoxe senlleiras na nosa poesía

LIÑA

Poemas fortemente vencellados á Terra, na acepción que desta tiñan Otero e Novoneyra

FONTE DA COVA

O afecto e o entusiasmo dos membros de Ergueitos fixeron posible este proxecto único no país

A voz de Fiz Vergara Vilariño aínda resoa polos recantos do seu val de Lóuzara. Os seus poemas, fortemente vinculados á Terra –na acepción que desta empregaban Otero Pedrayo e Novoneyra, distinguíndoa da paisaxe– e cun fondo sentimento existencial, emocionan ao lector, se cadra sorprendido pola dimensión profundamente humana deste poeta, da súa capacidade para evocar a natureza, suspender o instante ou expresar a desesperación e a dúbida. Nacido no val en 1953, formou parte do grupo Cravo Fondo, xunto con outras voces hoxe senlleiras na nosa poesía: Xulio López Valcárcel, Ramiro Fonte, Helena Villar Janeiro ou Xesús Rábade Paredes, entre outros. Poderíamos citar entre os seus libros “Orfo de ti en terra adentro”, “Poeta muiñeiro á deriva” ou “Nos eidos da bremanza”. Fiz faleceu en 1997.

Dende a primavera chamaban por nós as terras de Lóuzara, o territorio íntimo de Fiz. Eran as dez da mañá do mércores 8 de decembro, cando saímos para Sarria. O día amencera con chuvascos e néboas e pensamos que a climatología condicionaría a excursión. Agardaban por nós María Casar e Xerardo Alvaredo, activistas da

Asociación Cultural Ergueitos e da memoria do poeta.

Aínda chovía cando de Sarria marchamos para Samos e tamén cando subimos cara Aira Padrón, o lugar no que se sitúa a primeira das instalacións que forman parte do percorrido artístico-emocional arredor de Fiz polo seu val xabreiro de Lóuzara. A néboa esfañábase nas abas dos montes que circundan o val louzarin e, nese intre, deixou de chover. Ao longo das horas que durou o percorrido, o tempo foi coma unha paréntese entre orballos, un agasallo do día de decembro, coma se o alento do Fiz contivera a chuvisca e a brétema.

Maribel e Xerardo son fotógrafos e os dous souberon apreciar, gozar e retratar a limpeza da luz, as pingas acesas pendurando das pólas, as cores do outono serodio, a fermosura desa paraxe pola que transcorre, de fito en fito, o roteiro do poeta que tan ben cantou a súa paisaxe en versos fondamente humanos. Comentabamos, María e eu, que eles gardarían memoria do detalle percibido a través do obxectivo, mentres que nós abríamos moito os ollos para que nos entrara neles tanta natureza e tanta frescura.

Unha tras outra sucedíanse as

pezas artísticas, sempre á beira dos versos do poeta. Cada peza dun artista: Xesús Otero Yglesias, Manuel Bucifios, Primitivo Lareu, Álvaro de la Vega, Miguel Marcía, Violeta Bernardo, Mónica Alonso, Paco Boy, Fernando Yáñez, Daniel Caxigueiro, Manuel Caamaño, Eduardo Valiña e Paco Pestana. Cada peza unha sorpresa, unha emotiva interpretación do espazo e do instante e con elas, os poemas de Fiz Vergara Vilariño, debullando esta poética xeografía sentimental dun escritor que soubo conxugar o amor polo seu eido coa intensidade vivencial, dándolle aos versos o carácter de cántico vital do home.

Con Imelda e Irene, as irmás de Fiz, visitamos a casa e a Fonte da Cova, e estivemos no interior do muiño onde o poeta muiñeiro escribiu algún dos seus poemas: “¡Ai de min que me acho senlleiro,/ xunto ó vello muiño,/ a che tecer unha coroa de sonhos e lembranzas,/ e pan centeo da derradeira fornada!”.

Varios son os valores que se conxugan neste espazo presidido polo rumor constante do río Lóuzara, espazo tan próximo a ese Courel que se intúe e ao Incio polo que as serras procuran a chaira.

Sen dúbida, o primeiro é o natural, conxugado co etnográfico, universo de aldeas miméticas coa contorna, de camiños abertos entre arboredos, de lameiros e prados de recendo mineral, de suspiros de garza e exhibición de merlos acuáticos. Está logo a forza e a palabra do Fiz, o valor dos seus versos que agromaron no vizoso alento deste aire e desta terra, que expresaron o sentir do seu corazón. Integradas nelas as pezas escultóricas, cada unha interpretando un poema, cada unha integrándose nun medio singular: un outeiro, sobre un río, nun souto, nunha fonte, ao pé do río, anunciando unha fervenza ou unha encrucillada. Hai que engadir o valor gastronómico, con produtos locais dos que Cunqueiro escribiría un tratado e Otero unha oda; e aínda o afectivo, que se percebe a cada paso, ese afecto e ese entusiasmo cos que os membros de Ergueitos fixeron posible este proxecto, único no noso país, e que vén sendo coma unha aperta de amor.

Deixamos o paraíso de amor no vento mudo e despedímonos de novo en Sarria. Alí, e como convocada tamén ela ao abrazo, regresou a chuva.